

I. DISPOSICIONES XERAIS

MINISTERIO DE FOMENTO

6845 *Real decreto 292/2016, do 15 de xullo, polo que se modifica a disposición transitoria única do Real decreto 664/2015, do 17 de xullo, polo que se aproba o Regulamento de circulación ferroviaria.*

O Regulamento de circulación ferroviaria, aprobado polo Real decreto 664/2015, do 17 de xullo, ten por obxecto dispor dunha normativa única que permita unha circulación ferroviaria segura sobre a rede ferroviaria de interese xeral.

O regulamento adaptou a regulación ao desenvolvemento que tiveron o sector ferroviario e a tecnoloxía nos últimos anos, e incorpora a normativa europea recente.

O regulamento require para a súa aplicación a adaptación de toda a actividade de explotación, xestión e operación do tráfico ferroviario dos administradores de infraestrutura ferroviaria e das empresas ferroviarias ao contido do regulamento.

Ao respecto, a disposición transitoria única do Real decreto 664/2015, do 17 de xullo, prevía que os administradores de infraestruturas tivesen finalizada a adaptación da sinalización das velocidades máximas nas liñas no prazo dun ano desde a súa entrada en vigor, así como que as empresas ferroviarias se adecuasen ao novo marco regulamentario dos sinais portátiles dos trens no prazo de seis meses desde a entrada en vigor do mencionado real decreto.

Coa finalidade de permitir que os administradores de infraestruturas ferroviarias e as empresas ferroviarias poidan finalizar a adaptación da sinalización das velocidades máximas nas liñas ferroviarias e dos sinais portátiles dos trens ás disposicións do Regulamento de circulación ferroviaria, de conformidade co programa de implementación presentado pola entidade pública empresarial ADIF e a sociedade Renfe Mercancías, a Axencia Estatal de Seguridade Ferroviaria estimou conveniente ampliar os prazos contidos na referida disposición transitoria.

Na súa virtude, por proposta da ministra de Fomento, de acordo co Consello de Estado e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 15 de xullo de 2016,

DISPONGO:

Artigo único. *Modificación da disposición transitoria única do Real decreto 664/2015, do 17 de xullo.*

a) O número 3 queda redactado como segue:

«3. Os administradores de infraestrutura deberán ter finalizada a sinalización das velocidades máximas nas liñas dentro do prazo de dezaioito meses desde a entrada en vigor deste real decreto.»

b) O número 4 queda redactado como segue:

«4. A adecuación ao novo marco regulamentario dos sinais dos trens deberase realizar durante as intervencións de mantemento dos vehículos de nivel 3 ou superior, e como máximo dentro do prazo de oito anos desde a entrada en vigor deste real decreto.

No caso dos sinais portátiles dos trens, a súa adaptación deberase realizar no prazo de seis meses desde a entrada en vigor deste real decreto, excepto para os trens na rede de largo métrico, en que o prazo de adaptación será de tres anos desde a entrada en vigor deste real decreto.»

Disposición derradeira única. *Entrada en vigor.*

Este real decreto entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Dado en Madrid o 15 de xullo de 2016.

FELIPE R.

A ministra de Fomento,
ANA MARÍA PASTOR JULIÁN